

Hoxe mércores 3 de setembro de 2025, seguindo o calendario da CiUG, publicouse o sexto chamamento a matrícula para as titulacións de grao, simultaneidades de estudos e PARS ofertadas nas tres universidades públicas galegas.

O estudantado, no caso de ser convocado a matrícula na titulación da súa primeira preferencia, terá de prazo **desde o xoves 4 ás 00:01 ata o venres 5 de setembro ás 23:59** para formalizar a matrícula. Unicamente poderán matricularse aquelas persoas que posúan cualificación igual ou superior á da última persoa convocada en cada titulación.

Se a persoa solicitante aparece convocada nunha titulación e ten outras titulacións con maior preferencia “En espera” ten dúas opcións: a) Se desexa continuar na lista de espera dalgunha/s desas titulacións non debe matricularse e confirmará, en cada chamamento, na propia aplicación informática NERTA, “Continuar na lista de espera” nesa/s titulacións; b) Matricularse nesa titulación na que figura convocada e entenderase que xa non ten interese en ningunha das que figura “En espera”. Se non se matricula nin confirma “Continuar na lista de espera” nalgunha titulación das que figuraba “En espera”, entenderase que **xa non ten interese en matricularse** nesa titulación na que figura convocada nin en ningunha das que figura “En espera” e decaerá nos seus dereitos. Pode marcar “Continuar na lista de espera” das titulacións xa “Pechadas” nas que siga tendo interese.

En cada chamamento, o/a estudante pode ver a súa situación en cada unha das titulacións solicitadas: “Pechada”, “En espera”, “Convocado”, “Liberado”.

Nas titulacións que figuran como “Pechada” as prazas están todas cubertas con estudantes que teñen nota superior. Só se convocará estudantes da lista de espera se se producen anulacións. Se un/ha solicitante desexa manterse nesta lista de espera **debe indicalo cada vez que se produce un chamamento**.

Na titulación que figura como “Convocado” pode matricularse, tendo en conta o procedemento que se explica a continuación, nos prazos designados na base oitava [da convocatoria a matrícula](#).

As titulacións que figuran como “Liberado” é debido a que o/a estudante figura “Convocado” ou “Matriculado” nunha titulación con maior preferencia e polo tanto quedan liberadas (anuladas da súa solicitude) as titulacións que solicitou con menor preferencia.

De acordo coa base novena [da convocatoria a matrícula](#), o estudantado pode continuar tamén na lista de espera das titulacións “Pechadas”. Para iso ten que indicar nos sucesivos chamamentos o seu interese en “Continuar na lista de espera” para o caso en que se produzan anulacións de matrícula nestas titulacións. Estes procesos terán que facelo tantas veces como listaxes de persoas convocadas se publiquen.

No caso de matricularse nunha titulación de inferior preferencia, cando as titulacións de maior preferencia figuren **“En Espera” a/o estudante decae dos seus dereitos de continuar no proceso de ingreso en titulacións con preferencia superior**, cando non estivesen “Pechadas”.

Nota da última persoa convocada a matrícula nas distintas titulacións.

Universidade de Vigo

Campus	Titulación	Nota	Estado
Ourense	Grao en Administración e Dirección de Empresas	E 8,084	PECHADA 4º
Ourense	Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	E 5,260	
Ourense	Grao en Ciencias Ambientais	E 5,252	
Ourense	Grao en Dereito	O 7,622	PECHADA 2º
Ourense	Grao en Educación Infantil	O 8,036	PECHADA 2º
Ourense	Grao en Educación Primaria	O 8,982	PECHADA 2º
Ourense	Grao en Educación Social	O 5,962	PECHADA 2º
Ourense	Grao en Enfermería	O 11,050	PECHADA 2º
Ourense	Grao en Enxeñaría Agraria	E 5,532	
Ourense	Grao en Enxeñaría Informática	O 7,740	PECHADA 2º
Ourense	PARS Informática	O 7,568	PECHADA 2º
Ourense	Grao en Traballo Social	E 5,006	PECHADA 4º
Ourense	Grao en Turismo	E 5,566	
Ourense	Grao en Xeografía e Historia	E 5,342	PECHADA 4º
Ourense	Grao en Enxeñaría Aeroespacial	O 12,130	PECHADA 2º
Ourense	PARS Aeronáutica	O 12,336	PECHADA 2º
Ourense	Grao en Relacións Internacionais	O 11,458	PECHADA 2º
Ourense	Grao en Intelixencia Artificial	O 9,090	PECHADA 2º
Ourense	Simultaneidade ADE e Dereito	O 7,586	PECHADA 2º
Ourense	Simultaneidade Turismo e Xeografía e Historia	E 6,714	
Ourense	Simultaneidade ADE e Enxeñaría Informática	O 9,312	PECHADA 2º
Ourense	Simultaneidade Enxeñaría Agraria e CC Ambientais	E 8,079	
Ourense	Simultaneidade Enxeñaría Agraria e CT Alimentos	O 7,138	PECHADA 2º
Ourense	Simultaneidade Enxeñaría Informática e Int. Artificial	O 9,946	PECHADA 2º

Universidade de Vigo

Campus	Titulación	Nota	Estado
Pontevedra	Grao en Belas Artes	E 7,166	PECHADA 4º
Pontevedra	Grao en CC da Actividade Física e do Deporte	O 9,480	PECHADA 2º
Pontevedra	Grao en Comunicación Audiovisual	O 8,706	PECHADA 2º
Pontevedra	Grao en Dirección e Xestión Pública - Presencial	E 5,832	PECHADA 5º
Pontevedra	Grao en Dirección e Xestión Pública – Virtual	E 5,574	PECHADA 5º
Pontevedra	Grao en Educación Infantil	O 8,594	PECHADA 2º
Pontevedra	Grao en Educación Primaria	O 9,550	PECHADA 2º
Pontevedra	Grao en Enfermería	O 11,160	PECHADA 2º
Pontevedra	Grao en Enxeñaría Forestal	E 5,324	
Pontevedra	Grao en Fisioterapia	O 10,777	PECHADA 2º
Pontevedra	Grao en Publicidade e Relacións Públicas	O 8,412	PECHADA 2º
Pontevedra	Grao en Deseño	O 8,486	PECHADA 2º

Universidade de Vigo

Campus	Titulación	Nota	Estado
Vigo	Grao en Administración e Dirección de Empresas	E 8,356	PECHADA 4º
Vigo	Grao en Bioloxía	O 9,206	PECHADA 2º
Vigo	Grao en Ciencias do Mar	O 5,878	PECHADA 4º
Vigo	Grao en Comercio	O 5,000	PECHADA 2º
Vigo	Grao en Dereito	O 8,163	PECHADA 2º
Vigo	Grao en Economía	E 8,800	PECHADA 4º
Vigo	Grao en Educación Infantil	E 8,440	PECHADA 4º
Vigo	Grao en Educación Primaria	E 9,636	PECHADA 4º
Vigo	Grao en Enfermaría – Meixoeiro	O 11,502	PECHADA 2º
Vigo	Grao en Enfermaría – Povisa	O 10,690	PECHADA 3º
Vigo	Grao en Enxeñaría da Enerxía	O 5,000	PECHADA 2º
Vigo	Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	E 6,880	PECHADA 4º
Vigo	Grao en Enx. de Tecnoloxías de Telecomunicación (inglés)	E 5,326	PECHADA 4º
Vigo	PARS Telecomunicación	E 5,612	
Vigo	Grao en Enx. dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	E 5,000	PECHADA 5º
Vigo	Grao en Enxeñaría Eléctrica	O 6,420	PECHADA 3º
Vigo	Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	O 7,290	PECHADA 2º
Vigo	Grao en Enxeñaría en Organización Industrial	O 9,462	PECHADA 2º
Vigo	Grao en Enxeñaría en Química Industrial	O 5,360	PECHADA 2º
Vigo	Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	O 7,740	PECHADA 2º
Vigo	Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais (inglés)	E 7,400	PECHADA 4º
Vigo	PARS Tecnoloxías Industriais	O 7,130	PECHADA 2º
Vigo	Grao en Enxeñaría Mecánica	O 9,928	PECHADA 2º
Vigo	Grao en Linguas Estranxeiras	E 5,114	PECHADA 4º
Vigo	Grao en Química	O 9,062	PECHADA 2º
Vigo	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	E 5,000	PECHADA 5º
Vigo	Grao en Tradución e Interpretación (español-inglés)	E 7,640	PECHADA 2º
Vigo	Grao en Tradución e Interpretación (español-francés)	O 6,000	
Vigo	Grao en Tradución e Interpretación (galego-inglés)	E 5,382	
Vigo	Grao en Enxeñaría Biomédica	O 10,950	PECHADA 2º
Vigo	PARS Biomédica	O 11,550	PECHADA 2º
Vigo	Filoloxía aplicada en Galego e Español	E 6,184	
Vigo	Grao en Enxeñaría da Automoción - Dual	O 10,841	PECHADA 2º
Vigo	Simultaneidade ADE e Dereito	O 9,566	PECHADA 2º
Vigo	Simult. Enx. Biomédica e Enx. Elect. Industrial Automática	O 11,168	PECHADA 2º
Vigo	Simultaneidade Enxeñaría Biomédica Enxeñaría Mecánica	O 11,768	PECHADA 2º
Vigo	Simult. Enx. Mecánica e Enx. Electr. Industrial Automática	O 11,216	PECHADA 2º

Universidade de Santiago de Compostela

Campus	Titulación	Nota	Estado
Santiago de Compostela	Grao en Administración e Dirección de Empresas	O 7,214	PECHADA 1º
Santiago de Compostela	Grao en Bioloxía	O 9,706	PECHADA 1º
Santiago de Compostela	Grao en Ciencia Política e da Administración	E 5,000	
Santiago de Compostela	Grao en Comunicación Audiovisual	O 9,542	PECHADA 1º
Santiago de Compostela	Grao en Dereito	O 9,326	PECHADA 1º
Santiago de Compostela	Grao en Economía	E 7,900	PECHADA 6º
Santiago de Compostela	Grao en Educación Social	O 7,770	PECHADA 1º
Santiago de Compostela	Grao en Enfermaría	O 11,658	PECHADA 1º
Santiago de Compostela	Grao en Enxeñaría Informática	O 10,086	PECHADA 1º
Santiago de Compostela	Grao en Enxeñaría Química	O 9,848	PECHADA 6º
Santiago de Compostela	Grao en Farmacia	O 10,860	PECHADA 1º
Santiago de Compostela	Grao en Filoloxía Clásica	E 5,806	
Santiago de Compostela	Grao en Filosofía	O 5,798	PECHADA 1º
Santiago de Compostela	Grao en Física	O 11,710	PECHADA 1º
Santiago de Compostela	Grao en Historia	O 7,286	PECHADA 1º
Santiago de Compostela	Grao en Historia da Arte	E 5,094	
Santiago de Compostela	Grao en Lingua e Literatura Españolas	O 5,978	PECHADA 1º
Santiago de Compostela	Grao en Lingua e Literatura Galegas	E 5,178	PECHADA 6º
Santiago de Compostela	Grao en Lingua e Literatura Inglesas	O 5,000	PECHADA 1º
Santiago de Compostela	Grao en Linguas e Literaturas Modernas	E 5,222	PECHADA 6º
Santiago de Compostela	Grao en Matemáticas	O 12,254	PECHADA 1º
Santiago de Compostela	Grao en Medicina	O 12,776	PECHADA 1º
Santiago de Compostela	Grao en Mestre en Educación Infantil	O 9,370	PECHADA 1º
Santiago de Compostela	Grao en Mestre en Educación Primaria	O 9,856	PECHADA 1º
Santiago de Compostela	Grao en Odontoloxía	O 12,723	PECHADA 2º
Santiago de Compostela	Grao en Óptica e Optometría	O 7,188	PECHADA 2º
Santiago de Compostela	Grao en Pedagogía	O 8,969	PECHADA 1º
Santiago de Compostela	Grao en Psicoloxía	O 11,306	PECHADA 1º
Santiago de Compostela	Grao en Química	O 10,248	PECHADA 1º
Santiago de Compostela	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	E 7,464	PECHADA 6º
Santiago de Compostela	Grao en Traballo Social	E 5,252	PECHADA 6º
Santiago de Compostela	Grao en Xeografía e Ordenación do Territorio	E 5,976	
Santiago de Compostela	Grao en Xornalismo	O 8,292	PECHADA 1º
Santiago de Compostela	Grao en Biotecnoloxía	O 12,312	PECHADA 1º
Santiago de Compostela	Grao en Criminoloxía	O 9,970	PECHADA 1º
Santiago de Compostela	Grao en Xestión de Empresas Hostaleiras	O 5,418	PECHADA 1º
Santiago de Compostela	Grao en Intelixencia Artificial	O 10,846	PECHADA 1º
Santiago de Compostela	Simult. dos Graos Comunicación Audiovisual e Xornalismo	O 12,522	PECHADA 1º
Santiago de Compostela	Simultaneidade dos Graos de Dereito e Relacións Laborais	O 9,006	PECHADA 1º
Santiago de Compostela	Simultaneidade dos Graos de Enx Informática e Matemáticas	O 12,094	PECHADA 1º
Santiago de Compostela	Simultaneidade dos Graos de Matemáticas e Física	O 13,314	PECHADA 1º
Santiago de Compostela	Simultaneidade dos Graos de Química e Bioloxía	O 9,694	PECHADA 1º
Santiago de Compostela	Simultaneidade dos Graos de Química e Física	O 11,304	PECHADA 1º
Santiago de Compostela	Simultaneidade dos Graos de Farmacia e Óptica	O 10,974	PECHADA 1º
Santiago de Compostela	Simultaneidade en Educación Infantil e Educación Primaria	O 12,114	PECHADA 1º

Universidade de Santiago de Compostela

Campus	Titulación	Nota	Estado
Lugo	Grao en Administración e Dirección de Empresas	E 5,006	PECHADA 6º
Lugo	Grao en Enfermería	O 11,080	PECHADA 1º
Lugo	Grao en Enxeñaría Civil	E 5,000	
Lugo	Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Rural	E 6,476	
Lugo	Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	E 5,000	
Lugo	Grao en Mestre en Educación Infantil	O 7,948	PECHADA 1º
Lugo	Grao en Mestre en Educación Primaria	O 8,854	PECHADA 1º
Lugo	Grao en Nutrición Humana e Dietética	O 9,321	PECHADA 2º
Lugo	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	E 5,146	
Lugo	Grao en Veterinaria	O 11,296	PECHADA 1º
Lugo	Grao en Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria	E 5,180	PECHADA 4º
Lugo	Grao en Paisaxe	E 5,416	
Lugo	Grao en Robótica	O 6,012	PECHADA 1º
Lugo	Grao en Bioquímica	O 10,214	PECHADA 1º
Lugo	Grao en Empresa e Tecnoloxía (presencial)	E 7,094	PECHADA 6º
Lugo	Grao en Empresa e Tecnoloxía (virtual)	E 6,180	PECHADA 6º
Lugo	Grao en Xestión Cultural (presencial)	E 8,380	
Lugo	Grao en Xestión Cultural (virtual)	E 5,550	
Lugo	Simultaneidade dos Graos de Enx. Agrícola e Enx. Forestal	O 7,000	PECHADA 1º
Lugo	Simultaneidade dos Graos de Mestre en Infantil e Primaria	O 8,572	PECHADA 1º
Lugo	Grao Aberto 5USC Enxeñarías	E 5,164	

Universidade da Coruña

Campus	Titulación	Nota	Estado
Ferrol	Grao en Enfermería	O 11,150	PECHADA 2º
Ferrol	Grao en Enxeñaría Eléctrica	E 9,937	PECHADA 3º
Ferrol	Grao en Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática	O 5,000	PECHADA 2º
Ferrol	Grao Enxeñaría Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto	O 9,158	PECHADA 1º
Ferrol	Grao en Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	E 7,410	PECHADA 4º
Ferrol	Grao en Enxeñaría Mecánica	O 9,254	PECHADA 2º
Ferrol	Grao en Podoloxía	O 8,380	PECHADA 5º
Ferrol	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	E 5,002	
Ferrol	Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica	E 7,885	PECHADA 4º
Ferrol	Grao en Xestión Industrial da Moda	O 10,316	PECHADA 1º
Ferrol	Grao en Xestión Dixital de Información e Documentación	E 5,636	
Ferrol	Grao en Relacións Internacionais	O 10,678	PECHADA 2º
Ferrol	Simultaneidade dos Graos de Enxeñaría Mecánica e Enxeñaría Naval e Oceánica	O 10,375	PECHADA 2º
Ferrol	Grao Aberto en Enxeñaría Industrial	O 9,096	PECHADA 2º

Universidade da Coruña

Campus	Titulación	Nota	Estado
Coruña	Grao en Administración e Dirección de Empresas	O 8,272	PECHADA 2º
Coruña	Grao en Bioloxía	O 9,482	PECHADA 1º
Coruña	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte	O 10,070	PECHADA 2º
Coruña	Grao en Ciencias Empresariais	E 8,730	PECHADA 4º
Coruña	Grao en Comunicación Audiovisual	O 9,022	PECHADA 1º
Coruña	Grao en Dereito	O 8,934	PECHADA 1º
Coruña	Grao en Economía	O 6,470	PECHADA 2º
Coruña	Grao en Educación Infantil	O 8,648	PECHADA 2º
Coruña	Grao en Educación Primaria	O 9,896	PECHADA 1º
Coruña	Grao en Educación Social	O 7,210	PECHADA 2º
Coruña	Grao en Enfermería	O 11,740	PECHADA 1º
Coruña	Grao en Enxeñaría de Obras Públicas	E 7,096	PECHADA 4º
Coruña	Grao en Enxeñaría Informática	O 7,998	PECHADA 1º
Coruña	Grao en Máquinas Navais	E 5,000	PECHADA 4º
Coruña	Grao en Náutica e Transporte Marítimo	O 6,360	PECHADA 1º
Coruña	Grao en Arquitectura Técnica	O 7,908	PECHADA 2º
Coruña	Grao en Español: Estudos Lingüísticos e Literarios	E 7,888	
Coruña	Grao en Fisioterapia	O 11,108	PECHADA 1º
Coruña	Grao en Galego-Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios	E 5,510	
Coruña	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios	E 5,254	
Coruña	Grao en Logopedia	O 8,122	PECHADA 5º
Coruña	Grao en Química	O 9,045	PECHADA 1º
Coruña	Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos	E 5,112	PECHADA 5º
Coruña	Grao en Socioloxía	E 5,238	
Coruña	Grao en Tecnoloxías da Enxeñaría Civil	E 6,625	PECHADA 4º
Coruña	Grao en Terapia Ocupacional	O 9,464	PECHADA 3º
Coruña	Grao en Turismo - Presencial	E 5,386	PECHADA 4º
Coruña	Grao en Turismo - Online	E 6,060	
Coruña	Grao en Estudos de Arquitectura	O 8,658	PECHADA 2º
Coruña	Grao en Ciencia e Enxeñaría de Datos	O 9,702	PECHADA 1º
Coruña	Grao en Creación Dixital, Animación e Videoxogos	O 10,776	PECHADA 1º
Coruña	Grao en Nanociencia e Nanotecnoloxía	O 6,910	PECHADA 2º
Coruña	Grao en Intelixencia Artificial	O 10,382	PECHADA 1º
Coruña	Simultaneidade dos Graos de Bioloxía e Química	O 9,984	PECHADA 1º
Coruña	Simultaneidade dos Graos Turismo e CC Empresariais	O 6,764	PECHADA 1º
Coruña	Simultaneidade de Grao en ADE e Dereito	O 10,364	PECHADA 1º
Coruña	Simultaneidade dos Graos de Español e Galego e Portugués	O 11,760	PECHADA 4º
Coruña	Simultaneidade dos Graos de Inglés e Español	O 7,174	PECHADA 2º
Coruña	Simultaneidade dos Graos de Inglés e Galego e Portugués	O 5,658	PECHADA 2º
Coruña	Grao Aberto en Ciencias Sociais e Xurídicas	O 9,238	PECHADA 2º
Coruña	Simultaneidade Enxeñaría Informática e Ciencia e Tecnoloxía de Datos	O 10,532	PECHADA 1º